

A Pobra do Caramiñal

Manuel M^a Durán Guillán, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular neste Concello, presenta, para a súa inclusión e debate na vindeira sesión plenaria a seguinte MOCIÓN para recuperar a convivencia veciñal dos veciños da zona da Crocha na Ponte Barbanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A finais do pasado ano un grupo de veciños da Ponte Barbanza na zona da Crocha denunciaban de forma publica a extrema situación de medo e inseguridade na que se atopan por mor dos problemas ocasionados na súa convivencia .

Entendendo que as distintas Administracións pero sobre todo a local, pola súa proximidade, deben adoptar as medidas precisas para garantir a convivencia, a seguridade e a legalidade nas distintas areas do noso concello;



**CONCELLO DA
POBRA DO CARAMIÑAL**

13 XAN. 2017

Entrada n.º: 169

Saída n.º:


A Pobra do Caramiñal

Por elo o grupo municipal do Partido Popular somete a aprobación do Pleno o seguinte acordo:

2

A Alcaldía comprométese a adoptar de forma urxente todas as medidas precisas para garantir e recuperar a tranquilidade a convivencia e a seguridade dos veciños da Crocha na Ponte Barbanza, dando prioridade a resolución dos expedientes administrativos necesarios, mellorando a vixilancia e dando apoio xurídico, técnico ou de calquera outra índole que os mesmos precisen e do que agora carecen.

Pobra a 13 Xaneiro de 2017.



Manuel Mª Durán Guillán
Concelleiro do Grupo Municipal do PP

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL